

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

- 1249** *Orde DEF/85/2017, do 1 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre organización e funcións, réxime interior e programación dos centros docentes militares.*

A Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, destaca no seu preámbulo a importante reforma que experimenta o ensino militar. Xunto á formación militar, será requisito para acceder ás escalas de oficiais obter un título de grao universitario e, para as escalas de suboficiais, unha titulación de formación profesional de grao superior.

Para iso, por medio do Real decreto 1723/2008, do 24 de outubro, créase o sistema de centros universitarios da defensa adscritos a universidades públicas e situados nos correspondentes centros docentes militares de formación. De acordo co artigo 51 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, corresponderá ao Ministerio de Defensa a titularidade dos ditos centros, que se exercerá a través da Subsecretaría de Defensa.

Así mesmo, nos centros docentes militares autorizados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte existirá un núcleo de formación profesional.

Por outra parte, no seu artigo 43, a Lei 39/2007, do 19 de novembro, configura o ensino militar como un sistema que, entre outros trazos esenciais, está integrado no sistema educativo xeral e, en consecuencia, se inspira nos principios e se orienta á consecución dos fins de tal sistema establecidos no ordenamento xurídico, coas adaptacións debidas á condición militar. Co obxecto de mellorar a calidade do ensino mediante a súa validación con respecto ás súas finalidades, estará sometido a un proceso continuado de avaliación, de acordo co establecido na Orde ministerial 51/2004, do 18 de marzo, pola que se aproban as normas de avaliación do sistema de ensino militar.

A Lei 39/2007, do 19 de novembro, establece, no artigo 11, que ao subsecretario de Defensa, baixo a superior autoridade do ministro, lle corresponde a avaliación do ensino nas Forzas Armadas. Así mesmo, correspóndelle a inspección en materia de ensino militar.

A aplicación destas previsións legais ao ensino nas Forzas Armadas fai necesario especificar os centros que deben atendelo, así como as funcións que, a este respecto, teñen asignadas tales centros segundo a súa clase. Así mesmo, cómpre fixar as normas xerais polas cales se deben rexer os órganos de goberno e administración de tales centros docentes militares. Por último, a mencionada integración no sistema educativo xeral demanda a presenza dos departamentos ou seccións departamentais na estrutura docente do Ministerio de Defensa, como ocorre no ensino universitario e no de formación profesional, todo isto sen prexuízo da adaptación da organización ás peculiaridades propias do ensino militar.

O artigo 53 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, establece que mediante orde do ministro de Defensa se determinarán os centros docentes militares de perfeccionamento que impartirán as ensinanzas necesarias para a obtención de especialidades e para ampliar ou actualizar coñecementos, entre os cales poderán estar as academias militares e os demais centros docentes militares de formación.

Así mesmo, a Lei 39/2007, do 19 de novembro, no artigo 54, atribúe ao ministro de Defensa a aprobación das normas xerais que regulen a organización e funcións, o réxime interior e a programación dos centros docentes militares, e no artigo 69, a aprobación das normas xerais de réxime interior dos centros docentes militares.

As peculiaridades e características especiais que concorren na Academia Central da Defensa, que conxuga o ensino de formación dos diferentes corpos comúns das Forzas Armadas, o ensino de perfeccionamento tanto destes corpos como o correspondente a outros que estea directamente relacionado co ámbito de funcións destes corpos comúns, a cualificación pedagóxica, a avaliación do sistema de ensino militar, os idiomas ou con

outros que se determinen, aconsellan establecer unha estrutura interna e organización máis acordes coas exigencias da realidade das ensinanzas que se imparten na Academia Central da Defensa, polo que se modifica a Orde DEF/1846/2015, do 9 de setembro, pola que se determina a estrutura orgánica básica da Academia Central da Defensa.

Durante a súa tramitación, o proxecto desta orde ministerial obtivo o informe das asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e deuse coñecemento deste ao resto das asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, consonte o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, obtivo o informe do Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Aprobación.*

Apróbanse as normas sobre organización e funcións, réxime interior e programación dos centros docentes militares, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Ámbito de responsabilidade.*

No que respecta a esta orde ministerial, todas as referencias ao ámbito de responsabilidade dos directores de ensino do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire se entenderán feitas ao subdirector xeral de ensino militar da Dirección Xeral de Recrutamento e Ensino Militar do Ministerio de Defensa no que se corresponda cos corpos comúns das Forzas Armadas e ao xefe de Estado Maior da Defensa no ámbito da súa competencia.

Disposición adicional segunda. *Creación da Escola Militar de Emerxencias.*

1. Consonte o que establece o artigo 53 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, créase a Escola Militar de Emerxencias, como centro docente militar de perfeccionamento.

2. A Escola Militar de Emerxencias terá a función de impartir ensinanzas de perfeccionamento relacionadas cos supostos de grave risco, catástrofe, calamidade ou outras necesidades públicas.

3. As normas sobre organización e funcións, réxime interior e programación da Escola Militar de Emerxencias axustaranse ao disposto nas normas aprobadas por esta orde ministerial.

Disposición adicional terceira. *Determinación da Sección de Ensino Ecuestre como centro docente militar de perfeccionamento.*

1. Consonte o que establece o artigo 53 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, a Sección de Ensino Ecuestre pasa a ser un centro docente militar de perfeccionamento.

2. De acordo co establecido na Orde ministerial 79/2013, do 26 de decembro, pola que se ordena a prestación do servizo de cría cabalar das Forzas Armadas, a Sección de Ensino Ecuestre terá a función de xestionar e formar o persoal militar en todas as actividades relacionadas coa cría cabalar e a colaboración con outras entidades públicas e privadas no ámbito das súas competencias, así como impartir os cursos que se programen nos centros militares de cría cabalar.

3. As normas sobre organización e funcións, réxime interior e programación da Sección de Ensino Ecuestre axustaranse ao disposto nas normas aprobadas por esta orde ministerial.

Disposición adicional cuarta. *Constitución de seccións departamentais dependentes da Academia Central da Defensa.*

1. Naqueles establecementos da rede sanitaria militar que requiran de comisións de docencia para a formación en especialidades médicas, farmacéuticas ou outras do ámbito sanitario, o subsecretario de Defensa constituirá as seccións departamentais correspondentes.

2. Estas seccións departamentais serán dependentes da Academia Central da Defensa/Escola Militar de Sanidade.

Disposición adicional quinta. *Protección da maternidade.*

No que se refire a esta orde ministerial e respecto á protección da maternidade, atenderase ao disposto no Real decreto 293/2009, do 6 de marzo, polo que se aproban as medidas de protección á maternidade no ámbito do ensino nas Forzas Armadas.

Disposición transitoria primeira. *Implantación das normas.*

Ao inicio do curso académico 2017/18, os centros docentes militares deberán ter axustada a súa organización e funcións, réxime interior e programación ao disposto nas normas aprobadas por esta orde ministerial.

Disposición transitoria segunda. *Determinación de departamentos e seccións departamentais.*

No prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor desta orde ministerial, o subsecretario de Defensa determinará os departamentos e seccións departamentais dos centros docentes militares, co obxecto de completar a estrutura docente do Ministerio de Defensa.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Queda derogada a Orde ministerial 80/1993, do 29 de xullo, sobre organización e funcións dos centros docentes de ensino militar de formación.

2. Así mesmo, quedan derogadas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta orde ministerial.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde DEF/1846/2015, do 9 de setembro, pola que se determina a estrutura orgánica básica da Academia Central da Defensa.*

Modifícase a Orde DEF/1846/2015, do 9 de setembro, pola que se determina a estrutura orgánica básica da Academia Central da Defensa, no seguinte sentido:

Un. As alíneas a) e b) do número 2 do artigo 2 quedan redactadas como segue:

«a) Impartir o ensino de formación dos corpos comúns das Forzas Armadas que, no concernente á formación técnica, realizarán as escolas dos corpos comúns que se integran na Academia Central da Defensa nos termos previstos na citada disposición adicional terceira do Real decreto 524/2014, do 20 de xuño.

b) Impartir as ensinanzas de perfeccionamento dos corpos comúns das Forzas Armadas que se determinen, a través das referidas escolas de corpos comúns, e aquelas outras relacionadas coa cualificación pedagóxica, a avaliación do sistema de ensino militar, os idiomas e as que determine o ministro de Defensa.»

Dous. A alínea b) do artigo 3 queda redactada como segue:

«b) Subdirección Xefatura de Estudos.»

Tres. O artigo 5 queda redactado como segue:

«Artigo 5. *Subdirección Xefatura de Estudos.*

1. Conforme o establecido nas normas xerais de organización e funcionamento dos centros docentes militares, a Academia Central da Defensa contará cun subdirector xefe de estudos, cargo que será ocupado por un oficial dos corpos comúns das Forzas Armadas.

2. Ao subdirector xefe de estudos correspóndenlle as seguintes funcións:

a) En ausencia do director, así como naqueles casos que este determine, exercer o mando, a dirección e o goberno do centro e a representación deste.

b) Coordinar as actividades do centro docente militar sen prexuízo das competencias atribuídas aos directores das escolas que integran a Academia Central da Defensa, segundo o establecido no artigo 7.1.

3. Para o cumprimento das funcións do número 2 anterior, contará cun órgano auxiliar.»

Catro. O artigo 7 queda redactado como segue:

«Artigo 7. *Estrutura académica.*

1. A Academia Central da Defensa adopta unha organización mixta sobre a base da Escola Militar de Estudos Xurídicos, a Escola Militar de Intervención, a Escola Militar de Sanidade, a Escola de Músicas Militares, a Escola Militar de Idiomas, a Escola Militar de Ciencias da Educación e o Departamento de Instrución e Adestramento. No caso das escolas de corpos comúns das Forzas Armadas, estas terán as competencias relativas á formación técnica correspondente aos seus respectivos corpos.

2. O Departamento de Instrución e Adestramento será a unidade de encadramento dos alumnos. O director do Departamento de Instrución e Adestramento dependerá, no exercicio das súas funcións, do subdirector xefe de estudos.

3. Para atender a función de avaliar a competencia lingüística nos idiomas estranxeiros considerados de interese para as Forzas Armadas, a Academia Central da Defensa poderá contar cun órgano de avaliación da competencia lingüística, coa competencia de xestionar, coordinar e controlar os equipos de avaliación e comisións de revisión que se poidan formar para as distintas probas de idiomas.»

Cinco. Os números 2 e 3 da disposición adicional terceira «Departamento de Instrución e Adestramento» quedan redactados como segue:

«2. Terá ao seu cargo as unidades que se determinen, nas cales se encadrarán os alumnos, sen prexuízo da dependencia académica da escola a que pertencen.

3. O director do Departamento de Instrución e Adestramento, como xefe da unidade de encadramento de alumnos, terá a competencia sancionadora atribuída aos xefes de unidades de encadramento de entidade batallón ou similar, consonte os artigos 32.5 e 33 da Lei orgánica 8/2014, do 4 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas.»

Disposición derradeira segunda. *Facultades dispositivas.*

Autorízase o subsecretario de Defensa para adoptar, no ámbito das súas competencias, cantas resolucións sexan necesarias para a aplicación desta orde ministerial, así como para actualizar o contido do anexo.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente orde ministerial entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 1 de febreiro de 2017.—A ministra de Defensa, María Dolores de Cospedal García.

**NORMAS SOBRE ORGANIZACIÓN E FUNCIÓNS, RÉXIME INTERIOR
E PROGRAMACIÓN DOS CENTROS DOCENTES MILITARES**

TÍTULO I

Organización e funcións

CAPÍTULO I

Normas xerais*Artigo 1. Estructura docente do Ministerio de Defensa.*

1. A estrutura docente do Ministerio de Defensa comprende a totalidade dos centros docentes militares que desenvolven o ensino nas Forzas Armadas.
2. A estrutura docente do Ministerio de Defensa estará xestionada polo xefe de Estado Maior da Defensa, polo subsecretario de Defensa e polos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, no ámbito das súas respectivas competencias.
3. As autoridades mencionadas no punto anterior determinarán aqueles organismos do seu ámbito que teñan ao seu cargo a citada xestión.

Artigo 2. Clasificación dos centros docentes militares.

1. En función do tipo de ensino que se imparta, os centros docentes militares clasifícanse en centros docentes militares de formación, de perfeccionamento e de altos estudos da defensa nacional.
2. Cando nun centro docente militar se imparta tanto ensino de formación como de perfeccionamento, este clasificarase como centro docente militar de formación.
3. Cando nun centro docente militar se imparta tanto ensino de altos estudos da defensa nacional como de perfeccionamento, este clasificarase como centro docente militar de altos estudos da defensa nacional.
4. O ensino de formación, o ensino de perfeccionamento e o ensino de altos estudos da defensa nacional impartiranse nos centros docentes militares que se detallan no anexo.
5. Todos os centros docentes militares se prestarán mutua colaboración para o desenvolvemento das ensinanzas, cursos ou programas que teñan encomendados.

CAPÍTULO II

Centros universitarios da defensa*Artigo 3. Centros universitarios da defensa.*

1. Os centros universitarios da defensa, segundo o artigo 51 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, rexeranse pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, pola Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, pola normativa aplicable a cada universidade e polos correspondentes convenios de adscrición que terán en conta as peculiaridades da carreira militar, así como pola normativa específica do Ministerio de Defensa no seu ámbito de responsabilidade.
2. Naqueles centros docentes militares de formación de oficiais que contén con centros universitarios da defensa, e conforme o que establecen os seus respectivos convenios de adscrición, existirán unhas xuntas de coordinación cuxa finalidade será a de compatibilizar as actividades dos citados centros e dos centros universitarios da defensa neles situados, e establecer os criterios para o seu funcionamento, así como os necesarios apoios mutuos en determinados servizos, infraestruturas e subministracións, todo isto encamiñado ao cumprimento do currículo único.
3. Os centros universitarios da defensa localizaranse en centros docentes militares.

CAPÍTULO III

Organización dos centros docentes militares*Sección 1.ª Organización básica*Artigo 4. *Estrutura básica dos centros docentes militares.*

1. Os centros docentes militares terán a seguinte estrutura básica:
 - a) Dirección.
 - b) Subdirección Xefatura de Estudos.
 - c) Núcleo de Formación Profesional (naqueles centros docentes militares que imparten ensinanzas conducentes á obtención de títulos oficiais de formación profesional).
 - d) Departamentos ou seccións departamentais.
 - e) Órganos de administración, servizos e apoio.
2. O Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional e a Escola Superior das Forzas Armadas, pola súa singularidade, poderán adoptar unha estrutura específica por proposta do xefe de Estado Maior da Defensa ao subsecretario de Defensa.
3. A Academia Central da Defensa terá a organización establecida na Orde DEF/1846/2015, do 9 de setembro, pola que se determina a estrutura orgánica básica da Academia Central da Defensa.

*Sección 2.ª Órganos de goberno e cargos académicos*Artigo 5. *Clases de órganos de goberno dos centros docentes militares.*

1. Nos centros docentes militares existirán como órganos de goberno os órganos unipersoais e os órganos colexiados que se citan a continuación.
2. Os órganos unipersoais son os seguintes: director, subdirector xefe de estudos e, de ser o caso, outros subdirectores.
3. En cada centro docente militar constituiranse como órganos colexiados a xunta de profesores e a xunta docente, conforme o que se define nesta orde ministerial, axustando o seu funcionamento ao previsto no título preliminar, capítulo II, sección 3ª, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 6. *Director.*

1. O director é a máxima autoridade do centro docente militar e exerce a súa representación.
2. Ao director, que será militar de carreira, correspóndenlle as competencias de carácter xeral, militar e disciplinario asignadas aos xefes das unidades das Forzas Armadas.
3. O director terá, ademais, as seguintes funcións:
 - a) Ser a máxima autoridade académica do centro docente militar.
 - b) Emitir informe ou efectuar a proposta de designación de profesores.
 - c) Desenvolver as actividades que impulsen as relacións externas do centro docente militar de carácter educativo e cultural e as que contribúan ao coñecemento social da Defensa Nacional e das Forzas Armadas.
4. O director poderá contar cun órgano auxiliar de dirección que terá a denominación que, de ser o caso, estableza o réxime interior do centro docente militar.

Artigo 7. *Subdirector xefe de estudos.*

1. En cada centro docente militar existirá un subdirector xefe de estudos do centro docente militar.

2. O subdirector xefe de estudos, que será un militar de carreira, normalmente con emprego inferior ao do director, exercerá a súa representación en caso de ausencia ou nos casos en que este o determine.

3. O subdirector xefe de estudos terá, ademais, as seguintes funcións:

a) Efectuar ao director as seguintes propostas:

1.º) Programación das actividades docentes e investigadoras do centro docente militar.

2.º) Innovacións educativas para introducir no proceso de ensino e aprendizaxe.

3.º) Obxectivos das materias e os métodos máis adecuados para acadalos, así como os obxectivos de control e valoración do ensino, de acordo coas disposicións aplicables e coas instrucións dadas polo director do centro docente militar.

4.º) Criterios que conduzan á mellor selección, formación e perfeccionamento do profesorado.

b) Avaliar as innovacións educativas que se leven a cabo.

c) Coordinar e supervisar a execución das actividades docentes e investigadoras do centro docente militar.

d) Decidir qué informes e propostas dos departamentos ou seccións departamentais se deben elevar ao director e asesoralo sobre eles.

e) Supervisar o plan de acción tutorial do centro docente militar e coordinar as actividades do gabinete de orientación educativa e o traballo dos profesores-titores, mantendo as reunións periódicas necesarias.

f) Determinar as actividades que deberán realizar os coordinadores de ensinanzas específicas e harmonizar os seus informes e propostas antes de llos remitir ao director do centro docente militar.

g) Presidir a xunta docente do centro docente militar.

h) Naqueles centros docentes militares de formación de oficiais que contén co sistema de centros universitarios da defensa, ser vogal da xunta de coordinación, ademais de desenvolver aquelas funcións que lle correspondan.

i) Desenvolver cantas outras funcións lle atribúan a presente orde e o réxime interior do centro docente militar correspondente.

4. O subdirector xefe de estudos poderá contar cun órgano auxiliar da xefatura coa denominación que, de ser o caso, estableza o réxime interior do centro docente militar.

Artigo 8. *Outros subdirectores.*

1. De estar previsto na relación de postos militares, cando pola dimensión ou complexidade do centro docente militar resulte aconsellable, poderanse nomear outros subdirectores, ben para desempeñar funcións distintas das atribuídas ao subdirector xefe de estudos ben para realizar parte destas últimas.

2. Tales subdirectores serán profesores do centro docente militar e serán militares de carreira.

Artigo 9. *Xunta de profesores.*

1. A xunta de profesores do centro docente militar, como órgano colexiado de carácter asesor e consultivo do director, estará integrada pola totalidade dos profesores que presten servizos no centro.

2. A xunta de profesores, convocada e presidida polo director do centro docente militar, reunirse en pleno ou en comisións.

3. A xunta de profesores reunirse en pleno en dúas ocasións: ao principio e ao final do curso. Nestas reunións trataranse os resultados académicos e as actividades alleas á docencia, ademais dos temas que lle encomende o director do centro docente militar á xunta de profesores. Reunirse, ademais, tanto en pleno como en comisións, naquelas ocasións en que a convoque o director do centro docente militar.

Artigo 10. *Xunta docente.*

1. Nos centros docentes militares de formación creárase a xunta docente como órgano colexiado de carácter asesor e consultivo do director para asuntos relativos ao ensino.

2. A xunta docente estará integrada polo seguinte persoal docente:

- a) Presidente da xunta: o subdirector xefe de estudos.
- b) Secretario da xunta: o secretario de estudos.
- c) Vogais: os directores dos departamentos ou seccións departamentais.

3. Cando nas cuestións que se vaian dilucidar se encontre implicada unha materia que sexa competencia do centro universitario da defensa ou dun currículo de formación profesional, serán tamén integrantes da xunta, de ser o caso:

- a) Vicepresidente da xunta: o subdirector ou secretario do centro universitario da defensa en caso de ausencia do anterior ou o coordinador de formación profesional.
- b) Vogais: os directores das áreas departamentais do centro universitario da defensa ou os directores de departamento que determine o presidente da xunta docente.

4. O presidente da xunta docente poderá convocar, con voz pero sen voto, os profesores cuxa presenza considere necesaria nas reunións que mantéña.

5. Naqueles centros docentes militares de formación que pola súa estrutura carezan de directores de departamento ou sección departamental, a xunta docente estará constituída polo subdirector xefe de estudos e polo secretario de estudos.

6. Naqueles centros docentes militares de formación cunha estrutura mixta de departamentos ou seccións departamentais e escolas, a xunta docente substituirase por unha xunta de coordinación formada polo subdirector xefe de estudos, que será o presidente, os directores das respectivas escolas e o director do Departamento de Instrución e Adestramento, que actuarán como vogais.

7. Corresponden á xunta docente as seguintes funcións:

- a) Diseñar e aprobar o plan de matrícula dos alumnos.
- b) Supervisar a aplicación correcta destas normas.
- c) Resolver as posibles reclamacións de carácter académico dos alumnos.
- d) Valorar os casos en que haxa que considerar determinadas situacións especiais dos alumnos e analizar tanto as causas para a dispensa de convocatoria como todos aqueles aspectos que poidan afectar a actividade docente do centro docente militar de formación.

8. No exercicio das súas funcións, a xunta docente non se verá restrinxida polos límites fixados nas normas correspondentes senón que estes serán tomados como referencia, atendendo ás condicións do alumno. Nas propostas que emitan, exporán os motivos que os xustifiquen.

9. As propostas da xunta deberán ser elevadas ao director para a súa resolución.

Artigo 11. *Órganos de administración, servizos e apoio.*

1. Aos órganos de administración, servizos e apoio, agrupados nunha ou máis xefaturas, correspóndenlles a xestión, a coordinación e o control dos recursos e do apoio loxístico necesario para o desenvolvemento dos plans de estudo, de acordo co que determine a Xefatura de Estudos.

2. A xefatura e xefaturas a que se refire o número anterior estarán a cargo de oficiais, de igual ou inferior emprego que o subdirector ou subdirectores.

Estas xefaturas terán a denominación que, de ser o caso, estableza o réxime interior do centro docente militar.

3. Aqueles que estean destinados na dita xefatura ou xefaturas non ocuparán vacante de profesor. Non obstante, poderán exercer funcións docentes, logo de autorización do seu respectivo director de ensino, por proposta do director do centro docente militar.

4. Ademais de asistir o director do centro docente militar na dirección do seu goberno interior e do establecido con carácter xeral nos números anteriores, corresponderán ao xefe ou xefes de administración, servizos e apoio as seguintes funcións:

a) Efectuar a ordenación do réxime administrativo do centro docente militar, de conformidade coas directrices do director.

b) Dirixir o funcionamento dos servizos para propiciar o cumprimento dos plans de estudos, a satisfacción das necesidades do persoal e a conservación e o mantemento das instalacións.

c) Formular o inventario do centro docente militar e mantelo actualizado.

d) Elaborar o anteproxecto de orzamento do centro docente militar.

e) Levar a cabo calquera outra función que lle encomende o director do centro docente militar dentro do seu ámbito de competencia e, en particular, o previsto nos artigos 123 ao 129 das reais ordenanzas para as Forzas Armadas, aprobadas polo Real decreto 96/2009, do 6 de febreiro, en canto os afecte.

Artigo 12. *Gabinete de orientación educativa.*

1. En cada centro docente militar crearase, sempre que sexa posible, un gabinete de orientación educativa.

2. Dependerá do subdirector xefe de estudos do centro docente militar e estará formado por licenciados en Psicopedagogía, Psicoloxía ou Pedagogía, militares ou civís.

3. Ao gabinete de orientación educativa corresponderanlle as seguintes funcións:

a) Emitir informes en materia psicopedagóxica sobre os asuntos que se determinen ou que sometan á súa consideración o director do centro docente militar ou o subdirector xefe de estudos.

b) Asesorar ou orientar o xefe de estudos e os profesores do centro docente militar sobre os procedementos educativos que permitan un ensino máis efectivo para os alumnos en xeral e, en particular, para aqueles que teñan problemas ou dificultades na súa marcha académica, así como sobre a forma de realización das actividades de orientación e titoría.

c) Asesorar ou orientar os alumnos, colectiva e, na medida do posible, individualmente, sobre as súas opcións educativas e profesionais, así como sobre a adquisición de técnicas apropiadas de estudo e aplicación de métodos de aprendizaxe, sen prexuízo da responsabilidade que para estes efectos ten cada profesor en relación coa súa propia disciplina ou materia de ensino.

4. O gabinete de orientación educativa contará coa participación activa de todos os profesores-titores, conforme a organización interna que, en cada caso, considere oportuna o director do centro docente militar.

5. Cando, a xuízo do seu respectivo director de ensino, logo de informe do director do centro docente militar, non resulte viable ou, polas dimensións do centro, aconsellable constituír o gabinete de orientación educativa, as funcións que noutro caso tería atribuídas ese gabinete poderá desempeñalas ben o centro docente militar do mesmo nivel de ensino do correspondente exército, na forma e polos procedementos que estableza o director de ensino, ben o da Academia Central da Defensa, caso en que será coordinado pola Dirección Xeral de Recrutamento e Ensino Militar.

6. Os directores dos centros, axustándose ás directrices da súa respectiva dirección de ensino, facilitarán o enlace co departamento correspondente, tanto do respectivo

gabinete de orientación educativa como dos profesores-titores do seu centro, para os efectos de que un e outros participen en determinadas tarefas da dita escola e lle presten apoio.

Artigo 13. *Cargos académicos.*

1. Nos centros docentes militares poderán existir os seguintes cargos académicos: secretario de estudos, directores de departamentos ou seccións departamentais, coordinador de formación profesional e coordinadores de ensinanzas específicas.

2. Os profesores que ocupen cargos académicos serán nomeados polos directores de ensino correspondentes, por proposta dos directores dos centros. Cando os seus ámbitos de responsabilidade se refiran a centros pertencentes a dous ou máis exércitos, serán nomeados polo director xeral de Recrutamento e Ensino Militar, por proposta dos respectivos directores de ensino dos exércitos.

3. Os órganos de dirección non poderán exercer cargos académicos. Non se poderá exercer simultaneamente máis dun cargo académico, salvo que se dean circunstancias de interinidade ou accidentalidade.

Artigo 14. *Secretario de estudos.*

1. En cada centro docente militar existirá un secretario de estudos.
2. O secretario de estudos será destinado de acordo coas normas de asignación de destinos vixentes e terá categoría de oficial.

3. Corresponderán ao secretario de estudos as seguintes funcións:

a) Exercer a xefatura do órgano auxiliar da Xefatura de Estudos a que se refire o artigo 7 desta orde ministerial.

b) Levantar acta das sesións da xunta docente e dar fe dos seus acordos, co visto e prace do presidente. Así mesmo, corresponderanlle os demais dereitos, obrigacións e funcións que, con carácter xeral, se atribúen aos secretarios dos órganos colexiados da Administración do Estado.

c) Custodiar a documentación académica do centro, así como os correspondentes rexistros, conforme o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

d) Reunir, ordenar e custodiar a información que debe figurar no historial militar dos alumnos.

e) Expedir as certificacións en materia académica que soliciten as autoridades e os interesados e remitir aos organismos pertinentes a información a que se refire a alínea anterior.

f) De ser o caso, cantas outras funcións lle atribúa o réxime interior do centro ou o seu director.

4. Naqueles centros docentes militares autorizados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte que imparten ensinanzas conducentes á obtención de títulos oficiais de formación profesional e para efectos deste ensino, o secretario de estudos exercerá simultaneamente as funcións do secretario do centro.

Artigo 15. *Coordinador de formación profesional.*

1. Naqueles centros docentes militares autorizados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte que imparten ensinanzas conducentes á obtención de títulos oficiais de formación profesional existirá o coordinador de formación profesional.

2. O coordinador de formación profesional estará á fronte do Núcleo de Formación Profesional. Será un dos profesores que o constitúen, designado conforme o establecido nos convenios de colaboración coas comunidades autónomas e nos acordos derivados.

3. O coordinador de formación profesional estará baixo a dependencia directa do subdirector xefe de estudos. Será auxiliado, de ser o caso, polos xefes de departamento.

4. Asumirá, para efectos da administración educativa, as funcións de xefe de estudos adxunto de formación profesional.

5. Con respecto ás súas funcións e tarefas, referidas á totalidade do ensino de formación profesional, terá as correspondentes ao director de departamento, establecidas na organización e funcións dos centros docentes militares, así como os recollidos no regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

Artigo 16. *Coordinadores de ensinanzas específicas.*

1. Nos centros docentes militares en que se imparta ensino militar de formación ou de perfeccionamento a máis dun corpo ou especialidade fundamental poderase contar con coordinadores de ensinanzas específicas. Terán a denominación que, de ser o caso, estableza o réxime interior do centro docente militar.

2. O profesor militar pertencente a cada corpo ou especialidade fundamental de maior emprego e, de ser o caso, antigüidade nel, asesorará o director do centro, a través do subdirector xefe de estudos, acerca da organización e programación das ensinanzas específicas de tal corpo ou especialidade fundamental. Para iso poderá contar coa colaboración dos profesores pertencentes ao seu mesmo corpo ou especialidade fundamental.

Sección 3.^a Departamentos e seccións departamentais

Artigo 17. *Organización académica por departamentos e seccións departamentais.*

1. Os centros docentes militares adoptarán, en xeral, unha organización académica por departamentos ou seccións departamentais, para os efectos que sinala e consonte o que establece esta orde ministerial.

2. Nos centros docentes militares en que coincidan o ensino de oficiais, o de suboficiais e o de tropa e mariñeiría, os departamentos ou seccións departamentais poderán ser comúns.

3. Para efectos de obter o máximo rendemento dos recursos docentes e investigadores e favorecer a coordinación das ensinanzas, poderanse constituír departamentos ou seccións departamentais intercentros, independentemente de que as ensinanzas que se cursen en cada centro se refiran ao mesmo ou a distintos exércitos, corpos, escalas ou especialidades fundamentais. A dependencia orgánica e funcional dos departamentos ou seccións departamentais intercentros determinarase ao dispor da súa aprobación.

4. Cando un departamento teña a cargo unha ou varias materias que se impartan en dous ou máis centros docentes militares dispersos xeograficamente e as circunstancias así o aconsellen, poderanse constituír seccións departamentais. Constituiranse naqueles centros docentes militares e unidades que corresponda e serán dependentes dos departamentos dos centros docentes militares de orixe.

O anterior tamén se poderá aplicar aos centros de formación de tropa e mariñeiría.

Artigo 18. *Definición, composición e denominación dos departamentos ou seccións departamentais.*

1. Os departamentos ou seccións departamentais dos centros docentes militares son os órganos básicos para a organización das ensinanzas e, de ser o caso, a investigación, propias do departamento ou sección departamental.

2. Os departamentos ou seccións departamentais a que se refire a presente sección agruparán todos os docentes e, de ser o caso, investigadores, cuxas materias ou disciplinas se correspondan coas ensinanzas e coa investigación propias do departamento ou sección departamental.

3. A denominación dos departamentos ou seccións departamentais responderá á das ensinanzas e investigación que lle sexan propias. No caso dos centros docentes militares

de formación existirá un departamento ou sección departamental denominado de Instrución e Adestramento.

Artigo 19. *Constitución, modificación e supresión dos departamentos ou seccións departamentais.*

1. A constitución, modificación e supresión dos departamentos e seccións departamentais corresponden ao subsecretario de Defensa, por proposta do director xeral de Recrutamento e Ensino Militar, logo do informe dos directores de ensino dos exércitos e da Armada.

2. O subsecretario de Defensa, baseándose nos informes que se sinalan no número anterior, determinará qué ensinanzas e, de ser o caso, investigación darán lugar á constitución de cada un dos departamentos ou seccións departamentais e fixará os de Instrución e Adestramento que se deban constituír. Para tales efectos, observaranse criterios de afinidade científica entre as ensinanzas e, de ser o caso, a investigación, de eficacia no desempeño das funcións dos departamentos e de limitación no número destes.

3. Cando unhas ensinanzas e, de ser o caso, investigación, agrupen un número excesivo de profesores que poida afectar a eficiencia do departamento ou sección departamental, o subsecretario de Defensa poderá constituír máis dun departamento ou sección departamental atendendo a criterios de especialización científica e técnica e observando a correspondencia coas respectivas ensinanzas e, de ser o caso, investigación. Nos departamentos ou seccións departamentais de Instrución e Adestramento seguirase un criterio análogo.

4. Cando o número de profesores agrupados nun departamento xa constituído se vexa reducido de tal maneira que poida afectar a súa eficiencia, o subsecretario de Defensa, baseándose nos informes que se sinalan no número 1 deste artigo, suprimirao e integrarao no departamento ou sección departamental co cal garde maior afinidade científica.

Artigo 20. *Dirección do departamento.*

1. A dirección de cada departamento ou sección departamental corresponderá a un dos seus profesores. Serán nomeados polos directores de ensino respectivos, por proposta dos directores dos centros.

2. Os directores dos departamentos ou seccións departamentais intercentros cuxas ensinanzas se refiran a dous ou máis exércitos serán nomeados polo director xeral de Recrutamento e Ensino Militar, logo dos informes dos directores de ensino respectivos.

3. O director de cada departamento ou sección departamental poderá estar auxiliado por un secretario deste nas súas funcións académicas, de acordo co que dispoña o director de ensino correspondente.

Artigo 21. *Competencias do director do departamento.*

Corresponderá a cada director de departamento:

a) Convocar, establecer a orde do día e presidir as reunións do departamento ou sección departamental.

b) Coordinar e dirixir a proposta, o informe e, tras a súa aprobación, o desenvolvemento, de acordo co centro ou centros docentes militares en que realicen as súas actividades, das guías docentes, incluíndo nelas e tomando en conta, necesariamente, os aspectos sinalados no artigo 23 desta orde ministerial.

c) Redactar ou, de ser o caso, supervisar a redacción e trasladar ao subdirector xefe de estudos a proposta de programación antes do comezo de curso e a memoria final, de conformidade co acordado polo departamento ou sección departamental.

d) Redactar ou, de ser o caso, supervisar a redacción das actas en que se recolla o tratado nas reunións periódicas a que se refire o artigo 25 desta orde ministerial. En

calquera momento, o subdirector xefe de estudos poderá requirir copia literal ou extracto das ditas actas.

e) Coordinar e organizar as avaliacións e posteriores cualificacións dos alumnos, que se realizarán de acordo cos criterios comúns elaborados polo departamento ou sección departamental e fixados na súa programación.

f) Calquera outra función que regulamentariamente se lle atribúa ou que derive do disposto nesta orde ministerial.

Artigo 22. Competencias do director do departamento ou sección departamental de Instrución e Adestramento.

O director do departamento ou sección departamental de Instrución e Adestramento, ademais das competencias establecidas no artigo anterior, terá as seguintes:

a) Determinar as necesidades e propor a programación de postos suficientes de prácticas para todas as especialidades que se impartan no centro docente militar.

b) Coordinar o seguimento do alumnado nas unidades do Ministerio de Defensa e, de ser o caso, nas empresas e institucións.

c) Manter contacto permanente, a través das canles regulamentarias, coas unidades do Ministerio de Defensa e coas empresas e institucións colaboradoras durante a realización das diferentes prácticas externas recollidas nos respectivos plans de estudos.

d) Elaborar os informes preceptivos sobre as actividades a que se refiren as alíneas anteriores, para elevalos a través das canles establecidas.

e) Exercer a xefatura das unidades de encadramento de alumnos. Terá a competencia sancionadora atribuída aos xefes de unidades de encadramento de entidade batallón ou similar a que se refiren os artigos 32 e 33 da Lei orgánica 8/2014, do 4 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas, baixo a autoridade do director do centro docente militar.

Artigo 23. Funcións dos departamentos ou seccións departamentais.

Os departamentos ou seccións departamentais terán as seguintes funcións:

a) Propor, emitir informe e, tras a súa aprobación, desenvolver, de acordo co centro ou centros docentes militares en que realicen as súas actividades, a organización e a programación, por curso, das ensinanzas que a cada un correspondan, tomando en conta as directrices e os criterios relativos a actividades docentes e complementarias. Así mesmo, terá en conta as experiencias recollidas nas prácticas de formación a que se refire o artigo 22.c), con obxecto de adecuarse á evolución tecnolóxica e ás necesidades formativas manifestadas polas unidades do Ministerio de Defensa. Esta programación incluírase na anual do centro ou centros en cuxo ámbito se desenvolve o departamento e conterá, necesariamente, os aspectos recollidos no artigo 31.4.

b) Os departamentos ou seccións departamentais correspondentes, a través da Subdirección Xefatura de Estudos, darán publicidade, tras a súa aprobación, ás guías docentes das materias da súa responsabilidade, conforme a memoria xustificativa. O subsecretario de Defensa establecerá o modelo de guía docente que hai que aplicar no ámbito das Forzas Armadas.

c) Propor e emitir informe sobre a organización da investigación relativa ás súas áreas ou materia de coñecemento respectivas e, de ser o caso, desenvólvela.

d) Promover e realizar traballos de carácter científico ou técnico, así como, de ser o caso, realizar os traballos e desenvolver os cursos que se determinen.

e) Impulsar a investigación educativa, o perfeccionamento e a renovación pedagóxica, científica e, de ser o caso, técnica dos seus compoñentes.

f) Propor e emitir informe sobre a renovación da metodoloxía didáctica.

g) Elaborar criterios comúns para a avaliación dos módulos e materias ao seu cargo.

h) Propor, emitir informe e, tras a súa aprobación, realizar actividades de recuperación para o alumnado con materias pendentes.

- i) Propor e, de ser o caso, realizar actividades complementarias.
- j) Calquera outra función orientada ao adecuado cumprimento do sinalado no artigo 18 desta orde ministerial.

Artigo 24. Departamento ou sección departamental de Instrución e Adestramento. Composición e funcións.

1. Cada departamento ou sección departamental de Instrución e Adestramento dun ou varios centros docente militares agrupará todos os profesores do dito centro ou centros que teñan ao seu cargo o desenvolvemento dos exercicios dirixidos á adquisición da práctica e habilidades profesionais e á formación militar e, de ser o caso física, do alumno, tanto se se realizan no centro docente militar como se se levan a cabo en calquera outro centro, unidade ou organismo de carácter militar ou civil, onde se poida completar a formación dos ditos alumnos.

2. Ao departamento ou sección departamental de Instrución e Adestramento corresponderánlle, ademais das funcións a que se refire o artigo anterior, as seguintes:

a) A programación, seguimento, avaliación e control da formación do alumnado realizada en unidades do Ministerio de Defensa e en empresas e institucións, de acordo coas instrucións que dite para o efecto o director do centro docente militar en que desenvolva as súas actividades o departamento, a dirección de ensino correspondente e, de ser o caso, a Dirección Xeral de Recrutamento e Ensino Militar.

b) A difusión aos demais departamentos ou seccións departamentais, a través do subdirector xefe de estudos ou outros subdirectores, ou nas reunións que estes ordenen para tal efecto, das experiencias recollidas durante as prácticas de formación.

c) Encadrar os alumnos de formación naquelas entidades que corresponda coa denominación que estableza o réxime interior de cada centro docente militar.

d) Impartir, de ser o caso, as materias da formación xeral militar que se determinen.

Artigo 25. Regras de funcionamento.

1. Os departamentos ou seccións departamentais remitirán as súas programacións ao subdirector xefe de estudos do centro correspondente, quen comprobará se se axustan ao establecido no artigo 23.

2. Igualmente, os departamentos ou seccións departamentais remitirán os seus demais informes e propostas ao director, a través da Xefatura de Estudos.

3. Os departamentos ou seccións departamentais realizarán as reunións precisas para o cumprimento das súas funcións. Periodicamente, reuniranse para avaliar o desenvolvemento da súa programación docente e investigadora e aplicar ou propor a aplicación das medidas correctoras que esa avaliación aconselle.

4. Os departamentos ou seccións departamentais elaborarán anualmente unha memoria das actividades desenvolvidas e dos resultados obtidos, así como dos traballos realizados ou en curso de realización, que será publicada polos respectivos centros docentes mediante a súa inclusión nas súas correspondentes memorias anuais.

Sección 4.^a Núcleo de Formación Profesional

Artigo 26. Núcleo de Formación Profesional.

1. Nos centros docentes militares autorizados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte existirá un núcleo de formación profesional onde se integrarán todos os profesores e persoal administrativo que teña ao seu cargo o desenvolvemento da docencia correspondente ás ensinanzas das titulacións autorizadas.

2. Este núcleo dependerá do subdirector xefe de estudos e encadrarase ao mesmo nivel que os departamentos ou seccións departamentais existentes no centro docente militar.

3. Á fronte do Núcleo de Formación Profesional estará o coordinador de formación profesional, de acordo co establecido no artigo 15 desta orde ministerial.

4. O subsecretario de Defensa ditará, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación do establecido neste artigo.

CAPÍTULO IV

Avaliación e inspección dos centros docentes militares

Artigo 27. Avaliación dos centros docentes militares.

1. Co obxecto de mellorar a calidade do ensino mediante a súa validación con respecto ás súas finalidades, o ensino nas Forzas Armadas estará sometido a un proceso continuado de avaliación polos procedementos que regulamentariamente se determinen, que atenderán aos criterios definidos no sistema educativo xeral.

2. O obxecto da avaliación dos centros docentes militares é comprobar que se logran as finalidades do ensino militar, é dicir, a formación integral e a capacitación específica do militar profesional e a permanente actualización dos seus coñecementos nos ámbitos operativos, científico, técnico e xestión de recursos.

3. A avaliación dos centros docentes militares corresponde, no ámbito das súas respectivas competencias, ao subsecretario de Defensa, que a efectuará por medio da Subdirección Xeral de Ensino Militar, ao xefe de Estado Maior da Defensa, e aos xefes de Estado Maior dos exércitos e da Armada.

4. A avaliación dos centros docentes militares efectuarase de conformidade coas normas de avaliación do sistema de ensino militar en vigor.

Artigo 28. Inspección dos centros docentes militares.

1. A inspección dos centros docentes militares ten por obxecto verificar o cumprimento das normas relativas ao ensino militar nos aspectos de organización e estrutura do centro docente militar e competencia do persoal docente.

2. A inspección da calidade do ensino dos centros docentes militares corresponde, segundo o artigo 11 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, ao subsecretario de Defensa, que determinará as normas para o seu desenvolvemento. De ser o caso, efectuará a dita inspección por medio da Subdirección Xeral de Ensino Militar.

TÍTULO II

Réxime interior dos centros docentes militares

Artigo 29. Réxime interior dos centros docentes militares.

1. O réxime interior dos centros docentes militares é un conxunto de normas ou procedementos de actuación que establecen a súa organización e funcionamento.

2. Os centros docentes militares administraranse de acordo co seu réxime interior, que será específico para cada centro consonte o que establece esta orde.

3. O réxime interior de cada centro docente militar de formación será aprobado polo director de ensino correspondente, por proposta do director do centro.

4. No caso dos centros docentes militares de formación, a regulación do réxime interior terá como obxectivo facilitar o desenvolvemento dos plans de estudos de tal forma que estes se axusten aos criterios sinalados no réxime dos alumnos do ensino de formación, tendo en conta que se deben compatibilizar as exigencias da formación militar e a progresiva adaptación do alumno ao medio militar coas requiridas para a obtención de titulacións do sistema educativo xeral.

Artigo 30. *Contidos do réxime interior dos centros docentes militares.*

O réxime interior dos centros docentes militares recollerá, ao menos, os seguintes puntos:

a) Normas específicas de funcionamento do centro docente militar, que inclúan a organización nas denominacións tradicionais no centro dos diferentes órganos de goberno e cargos académicos, os horarios e as normas de seguridade.

b) Normas que regulen os alumnos segundo sexan de formación ou de perfeccionamento, como as de réxime de vida, dereitos e deberes, o calendario de cada curso e os servizos do centro á súa disposición.

c) Recollerase a organización dos alumnos, entre eles as unidades de encadramento de alumnos de formación, da uniformidade e normas de policía, o réxime de avaliacións e cualificacións, as súas gardas, cargos e servizos, permisos e licenzas, así como o procedemento para o nomeamento e denominación dos alumnos distinguidos que teñan asignadas funcións de especial responsabilidade nas unidades onde estean encadrados os alumnos e, de ser o caso, as normas que regulen o funcionamento de cadros de honra, relación de distinguidos e outros que expresamente se relacionen.

d) Tamén se recollerá a denominación dos empregos con carácter eventual dos alumnos de formación, o seu réxime económico e as infraccións de carácter académico e as súas correccións correspondentes, así como aquelas faltas disciplinarias e sancións disciplinarias que se consideren de aplicación.

TÍTULO III

Programación dos centros docentes militares

Artigo 31. *Programación dos centros docentes militares de formación.*

1. A programación dos centros docentes militares de formación incluírá as datas máis relevantes do calendario de actividades, como a data de inicio e finalización dos cursos que se impartan.

2. O subsecretario de Defensa aprobará anualmente, para cada centro docente militar de formación de oficiais que conte cun centro universitario da defensa, o calendario de actividades que integre as ensinanzas correspondentes aos títulos que se impartan e á formación militar e facilite a coordinación na súa execución.

3. Para o resto dos centros docentes militares, o calendario de actividades para cada centro docente militar será aprobado polo director de ensino correspondente.

4. A programación docente de cada departamento ou sección departamental conterà, necesariamente, os seguintes aspectos:

a) Obxectivos que se pretenden conseguir.

b) Metodoloxía que se vai empregar.

c) Distribución temporal dos contidos de cada módulo ou materia que se vai impartir e, de ser o caso, das prácticas ou exercicios que se van realizar.

d) Procedementos de avaliación e recuperación que se van seguir, con especial referencia ás probas que se van realizar, aos criterios específicos de avaliación, aos mínimos exixibles e aos criterios de cualificación.

e) Proposta de adaptacións que pretende introducir o profesorado do departamento ou sección departamental na programación do centro docente militar, acompañada da xustificación correspondente.

2. Nas guías docentes concretarase, para cada módulo ou materia, o reflectido nos catro primeiros aspectos.

ANEXO

Relación de centros docentes militares

1. Estado Maior da Defensa:

- a) Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional (altos estudos da defensa nacional).
- b) Escola Superior das Forzas Armadas (altos estudos da defensa nacional).
- c) Escola Militar de Emerxencias (perfeccionamento).

A Escola Superior das Forzas Armadas impartirá os cursos de actualización para o desempeño das funcións de oficial xeneral e para a obtención do diploma de estado maior. A Escola Superior das Forzas Armadas e o Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional impartirán estudos conducentes á obtención dos títulos de posgraao e específicos militares que se determinen.

2. Exército de Terra:

- a) Academia Xeral Militar (formación/perfeccionamento).
- b) Academia de Infantaría (formación/perfeccionamento).
- c) Academia de Cabalaría (formación/perfeccionamento).
- d) Academia de Artillaría (formación/perfeccionamento).
- e) Academia de Enxeñeiros (formación/perfeccionamento).
- f) Academia de Loxística (formación/perfeccionamento).
- g) Escola Superior Politécnica do Exército de Terra (formación/perfeccionamento).
- h) Academia de Aviación de Exército de Terra (formación/perfeccionamento).
- i) Academia Xeral Básica de Suboficiais (formación/perfeccionamento).
- j) Centro de Formación de Tropa nº 1 (formación/perfeccionamento).
- k) Centro de Formación de Tropa nº 2 (formación/perfeccionamento).
- l) Escola de Guerra do Exército (perfeccionamento).
- m) Escola Militar de Montaña e Operacións Especiais (perfeccionamento).

3. Armada:

- a) Escola Naval Militar (formación).
- b) Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Armas Navais (ETSIAN) (formación/perfeccionamento).
- c) Escola de Dotacións Aeronavais «Capitán de Navío Cardona» (EDAN) (formación/perfeccionamento).
- d) Escola de Suboficiais da Armada (ESUBO) (formación/perfeccionamento).
- e) Escola de Especialidades «Antonio de Escaño» (ESCAÑO) (formación/perfeccionamento).
- f) Escola de Infantaría de Mariña «General Albacete y Fuster» (EIMGAF) (formación/perfeccionamento).
- g) Escola de Especialidades da Estación Naval da Graña (EENGRA) (formación/perfeccionamento).
- h) Centro de Estudos Superiores de Intendencia da Armada (CESIA) (perfeccionamento).
- i) Escola de Guerra Naval (EGUENA) (perfeccionamento).
- j) Escola de Estudos Superiores (INSOB) (perfeccionamento).
- k) Escola de Hidrografía «Alejandro Malaspina» (ESHIDRO) (perfeccionamento).
- l) Escola de Submarinos «Almirante García de los Reyes» (ESUBMAR) (perfeccionamento).
- m) Escola de Mergullo da Armada (EMA) (perfeccionamento).
- n) Centro de Instrución e Adestramento (CIA) (perfeccionamento).

4. Exército do Aire:
 - a) Academia Xeral do Aire (formación/perfeccionamento).
 - b) Ala 23 (formación/perfeccionamento).
 - c) Grupo de escolas de Matacán (formación/perfeccionamento).
 - d) Ala 78 (formación/perfeccionamento).
 - e) Escola de Técnicas de Seguridade, Defensa e Apoio (formación/perfeccionamento).
 - f) Escola de Técnicas de Mando, Control e Telecomunicacións (formación/perfeccionamento).
 - g) Escola de Técnicas Aeronáuticas (formación/perfeccionamento).
 - h) Escola Militar de Paracaidismo «Méndez Parada» (formación/perfeccionamento).
 - i) Academia Básica do Aire (formación/perfeccionamento).
 - j) Escuadrón de Ensino de Automoción (formación/perfeccionamento).
 - k) Centro Cartográfico e Fotográfico do Exército do Aire (formación/perfeccionamento).
 - l) Centro de Guerra Aérea (perfeccionamento).

5. Subsecretaría de Defensa:

- a) Academia Central da Defensa (formación e perfeccionamento).
- b) Escola Militar de Estudos Xurídicos (formación e perfeccionamento).
- c) Escola Militar de Intervención (formación e perfeccionamento).
- d) Escola Militar de Sanidade (formación e perfeccionamento).
- e) Escola de Músicas Militares (formación e perfeccionamento).
- f) Escola Militar de Idiomas (perfeccionamento).
- g) Escola Militar de Ciencias da Educación (perfeccionamento).
- h) Sección de Ensino Ecuestre (perfeccionamento).

O ensino de formación dos militares de complemento dos corpos comúns das Forzas Armadas impartirase na Academia Central da Defensa e nos centros docentes militares de formación de oficiais e suboficiais que corresponda.

6. Cuarto Militar de S. M. El-Rei:

- a) Centro de Formación da Garda Real (formación).